

Ferrol súmase á reivindicación dun Instituto Rosalía de Castro para difundir a cultura galega

REDACCIÓN > FERROL

■ A Asociación de Escritores en Lingua Galega promoveu a lectura conxunta, en media ducia de cidades de Galicia, dun manifesto con motivo do 173 aniversario do nacemento da escritora Rosalía de Castro. Nel, demanda á Xunta a creación dun Instituto que leve o seu nome “para que a nosa cultura sexa posta en valor dentro e fóra de Galiza”. Ferrol foi unha das localidades –con A Coruña, Santiago, Pontevedra, Vigo e Lugo– nas que se leu o documento, nun acto celebrado ás seis da tarde na praza do Himno Galego. Foi Rosa Méndez a encargada de facelo.

O manifesto é unha homenaxe “á muller que alargou até o infini-

to o campo da literatura e da cultura galegas” no ano no que se cumpren 125 anos do seu falecemento (o 15 de xullo). Ó tempo, denuncia a situación actual da lingua e da cultura galegas, subliñando a vixencia do pensamento de Rosalía. “Nestes días para nós escuros, Rosalía, lembrámoste unha e outra vez. (...) E preguntámonos se este frío imposible que se instala na nosa pel é o mesmo frío que ti sentiches ante os que teñen fama de honrados na vila, aqueles que, amparados hoxe no mandato estatutario que lles foi outorgado para promoveren a cultura galega e a defenderen fronte ás agresións, utilízano contra todo o que ti significas, minusvaloran-



Imaxe da lectura do manifesto, na praza do Himno Galego

L. POLO

do a herdanza túa”, escriben.

Reivindican ademais unha Rosalía comprometida cos desfavorecidos e combativa. “Os que hoxe non negan, como a ti te negaron ao longo de tanto tempo, son da estirpe dos que te alcumaron de

chorona, mixiriqueira e trastornada por sombras de incerteza”.

Deste xeito, a fundación dun Instituto Rosalía de Castro serviría, ademais, para dar a coñecer internacionalmente á autora, xunto coa cultura galega.